




Comenzamos o percorrido nas escaleras de acceso ao Convento de Candedo onde hai unha sinalización do sendeiro PRG-30. Á dereita e fóra do sendeiro, a uns cen metros, atopamos a Pena do Equilibrio, que merece unha visita polo curioso desta formación pétrea. Seguimos ascendendo e pasaremos polo albergue xuvenil ata chegar á Capela da Santa Cruz, no alto da Picaraña. Desde este alto podemos gozar das maravillosas vistas panorámicas sobre o val do Tea. Despois comezamos o descenso cara o Convento de Candedo por pistas de terra e asfalto. Ao inicio do descenso atoparemos dúas fontes nas que poder refrescarse.




> Ficha Técnica	
PRG 30 A Picaraña	Longitude: 6,9 km
	Tempo medio: 2,5 h
	Desnivel acumulado subida: 320 m
	Desnivel acumulado baixada: 320 m
	Dificultade: Media
Tipo de sendeiro: Circular	
Sinalización: Boa	
Terra: 74 %	
Asfalto / cemento: 26 %	

O acceso a este roteiro é pola N-120. Despois de pasar Pontareas en dirección Ourense, desviamonos cara ao Convento de Candedo.



Ola, eu son Alteali!
 Vou percorrer con vos este sendeiro e ensinareivos todos os seus segredos!
 Acompañádesme?



Traballo realizado polo alumnado da especialidade de «Deseño de produtos gráficos» do Obradoiro de Emprego «Compromiso social e coñecer Pontareas» (2015-16).
 Fotografías: Alumnado do obradoiro e <<http://areasfs.blogspot.com.es/>>.
 Maquetación e deseño: Monse Fernández e Jesús Fraguas.
 Ilustracións: Monse Fernández, Jesús Fraguas e Montse Montes.



Ponte ... A CAMIÑAR!

PR-G 30




SENDEIRO DA PICARAÑA



3 Albergue xuvenil e zona de descanso cun fermoso exemplar de salgueiro chorón. Na zona atópanse varios mananciais de auga.

4 Remate da subida ata o miradoiro da Picaraña e a capela da Santa Cruz, que data do ano 1907, no que se iniciou a romaría que se celebra cada primeiro de maio e á que acoden romeiros e procesións das parroquias próximas. Cos seus 383 metros de altitude sobre o nivel do mar, a cima constitúe un magnífico miradoiro natural sobre as terras do Condado.

5 Baixada asfaltada ata o punto de inicio do sendeiro, no Convento de Canedo. O edificio foi un pazo da familia dos Sarmiento e nel naceu Agustina Sarmiento, unha das «meninas» do universal cadro de Velázquez. No século XVII converteuse nun convento franciscano.



1 Punto de inicio do sendeiro a carón do Convento de Canedo. A ruta proposta discorre ao longo duns 7 km, dos que aproximadamente 4 son de ascenso por pendentes suaves, e os 3 restantes descenden entre arboredos e por pistas de asfalto.

2 Desvío duns 100 m dende o sendeiro que nos achega ata a Pena do Equilibrio, unha formación rochosa singular polo escaso apoio do penedo superior sobre a mesa que o sustenta, ofrecendo un aspecto de aparente inestabilidade.

